



ACT-INCLUSIVE – Actores do Cambio cara a Educación Inclusiva

Acordo de subvención N.º 101090038 — ACT INCLUSIVE — ERASMUS-EDU-2022-PCOOP-ENGO



NOTA DE PRENSA 4

*Acerca dos Obradoiros en Centros Educativos
e o Día da Inclusión*



Financiado pola Unión Europea. Non obstante, os puntos de vista e opinións expresadas son exclusivamente as do autor ou autores e non reflicten necesariamente os da Unión Europea nin os da Axencia Executiva no Ámbito Educativo e Cultural Europeo (EACEA). Nin a Unión Europea nin a EACEA poden ser consideradas responsables das mesmas [Número de proxecto: 2022-PCOOP-ENGO-101090038].



ACT-INCLUSIVE: Actores do Cambio cara a Educación Inclusiva

[Acordo de subvención N.º 101090038 — ACT INCLUSIVE — ERASMUS-EDU-2022-PCOOP-ENGO]

NOTA DE PRENSA 4 – Acerca dos Obradoiros en Centros Educativos e o Día da Inclusión

Contacto: Catuxa Pereira Cacheda, coordinadora Área de Proxectos, COGAMI-Confederación Galega de Persoas con Discapacidade.
Modesto Brocos, 7 – Bloque 3 – Baixos – C.P. 15704 // proxectos@cogami.gal
Santiago de Compostela

Obradoiros en centros educativos

Como parte do Proxecto, as entidades participantes organizaron un total de catro Obradoiros en centros educativos dos seus respectivos países (Eslovenia, Francia, Chipre, Hungría, España), apoiados no noso [Manual de Formación y Sensibilización](#). Os Obradoiros primeiro e cuarto foron desenvolvidos a xeito de sesións conxuntas, promovendo a aprendizaxe mutua e a colaboración entre todas as figuras clave: profesorado, alumnado e resto do persoal educativo. Os Obradoiros segundo e terceiro centráronse na formación dirixida a grupos específicos, con un deseño especificamente para o alumnado, e o outro para profesorado e outro persoal do centro educativo.

Commented [1]: please add a hyperlink once available

Temas abordados nos Obradoiros:

1. *Entendendo a inclusión na escola*
2. *Obradoiro de Educación e Comunicación Inclusiva para o alumnado*
3. *Obradoiro de actividades de ensino inclusivo para profesorado e persoal do centro educativo*
4. *Traballando xuntas/os a promoción da Educación Inclusiva*

En total, máis de 150 estudantes e profesorado de todos os países do Proxecto participaron nestas actividades, contribuíndo activamente á promoción de prácticas inclusivas nas súas comunidades educativas. Como resultado, as persoas participantes informaron acerca dun aumento na sensibilización relacionada coa inclusión, unha mellora na comunicación entre o alumnado e o persoal educativo e o fortalecemento da motivación para a implementación de estratexias inclusivas nas súas escolas.

Concurso de Arte: *Que é para ti a inclusión?*

Ao longo do desenvolvemento dos Obradoiros, o alumnado foi invitado a participar no Concurso de Arte “*Que é para ti a inclusión?*”. Esta iniciativa supuxo un incentivo para a expresión das súas concepcións acerca da inclusión a través de diversas manifestacións artísticas da súa elección. As obras resultantes foron expostas durante o desenvolvemento do Día da Inclusión en cada un dos países, celebrando as perspectivas e a creatividade do alumnado participante. O alumnado autor das obras seleccionadas como gañadoras terá a



Cofinanciado por
la Unión Europea

Financiado pola Unión Europea. Non obstante, os puntos de vista e opinións expresadas son exclusivamente as do autor ou autores e non reflicten necesariamente os da Unión Europea nin os da Axencia Executiva no Ámbito Educativo e Cultural Europeo (EACEA). Nin a Unión Europea nin a EACEA poden ser consideradas responsables das mesmas [Número de proxecto: 2022-PCOOP-ENGO-101090038].



oportunidade de asistir á conferencia final do Proxecto, que terá lugar en novembro de 2025 en Bruxelas, onde o seu traballo será mostrado a nivel europeo.

Día da Inclusión

As entidades socias do Proxecto ACT-INCLUSIVE colaboraron con escolas locais para a organización do evento “Día da Inclusión”. A través de dito evento, buscouse promover o Proxecto a nivel local, expandindo o seu alcance máis aló dos grupos iniciais previstos, e proporcionando un espazo para que as persoas formadas compartan as súas experiencias. No marco deste evento, as persoas participantes puideron colaborar en pequenos obradoiros interactivos, nos que tiveron a oportunidade de probar as ferramentas e recursos para a educación non-formal da [Toolbox](#) de ACT-INCLUSIVE.

Metas e Impacto

A meta xeral destas actividades foi a de promover, entre o alumnado, o profesorado e o persoal educativo, unha comprensión máis profunda acerca da educación inclusiva e, ao mesmo tempo, animalos a colaborar de xeito activo. Por medio dos obradoiros, os concursos artísticos e os eventos locais, o Proxecto creou con éxito espazos para o diálogo e a aprendizaxe. Estas iniciativas non soamente serviron para reforzar coñecementos e habilidades en torno á inclusión, senón que tamén axudaron a construír escolas máis conectadas e implicadas nos países participantes.

O impacto reflexouse nun incremento da motivación e da sensibilización, así como da preparación das escolas para a implementación de prácticas inclusivas no seu quefacer diario.

Direccións Futuras

Os próximos pasos no Proxecto inclúen o desenvolvemento de Modelos de Cooperación entre as entidades socias do Proxecto e as escolas locais dos países participantes. Estes modelos explorarán vías sostibles para continuar realizando actividades de sensibilización, formación e eventos para a inclusión nas escolas máis aló da finalización do Proxecto, asegurando o impacto a longo prazo e a continuidade das colaboracións a nivel local.

Acerca de ACT-INCLUSIVE

ACT-INCLUSIVE dedícase a dirixir o cambio cara a educación inclusiva aproveitando estratexias de educación non-formal. Traballamos de maneira estreita con escolas, familias e comunidades para asegurar que cada estudante, con independencia das súas habilidades, reciba o apoio e recursos que precisa para prosperar.

Información de Contacto

Para máis información, por favor, visite a nosa páxina web: <https://easpedu.org/project-detail/act-inclusive-raising-awareness-on-inclusive-education-and-empowering-students-with-disabilities/>